

Ler con nenas | Montse Pena Presas



Males de teatro

O TEATRO INFANTIL É O GRANDE ESQUECIDO DA EDICIÓN para nenas e mozos. Nunha cadea de factores imposíbeis até o momento de desenguedellar, o seu abandono comeza nos autores, que saben das dificultades de chegar ao seu lectorado e publicar estas pezas pola carencia de plataformas onde facelo; continúa nas editoras, que dada a escasa rendibilidade do xénero dramático, non apostan pola creación de coleccións especializadas; e o mal esténdese até os centros educativos, onde os libros de texto non recollen tantas obras teatrais como cumpriría e os mestres e profesoras teñen que rebuscar nos andeis das librarías para atopar esa peza con que engaiolar ao alumnado. En xeral, as leis de publicación e difusión de textos dramáticos para o receptorado infantil e xuvenil, son as leis do esporádico, do casual, da sorpresa.

Aínda así, nos últimos anos, iniciativas como a convocatoria dos Premios Manuel María de Literatura Dramática Infantil –creado en 2006– ou do Premio Barriga Verde de Teatro para Monicreques –dende 2003–, ambos convocados pola Agadic, pulan pola creación, serven de modelo a seguir e axudan a ir enchendo ocos –no propio sistema literario, no ámbito educativo e no que se refire a representacións, ao fornecer de material ás compañías– que doutro xeito se converterían en buratos insalváveis. Por este motivo, cómpre valorar *Opunto da escarola* de Xosé Antonio Neira Cruz, a peza que acadou este ano o Premio Barriga Verde, cun extra de entusiasmo. Non só polo humor absurdo e delicioso que desprende, senón tamén porque obras como esta serven para alentar a outros autores, ás editoras e ás profesoras, facéndolles crer e potenciar unha literatura dramática de calidade que poida, efectivamente, ser empregada polas compañías. O camiño por percorrer nun xénero que xa practicaron con éxito Manuel María, Carlos Casares, Manuel Lourenzo, Ana María Fernández, An Alfaya, o Colectivo Garola ou Paula Carballreira é moito, pero as posibilidades están aí, agora que as institucións o van apoiando. Mais precisamos dunha verdadeira aposta colectiva, que pasa tamén porque os axentes críticos, dende a divulgación rigorosa ao academicismo, se impliquen en seleccionar e espallar esas obras que xuntan calidade literaria, posibilidades dramáticas e intenso ludismo.

O punto da escarola é unha delas. Nos seus paratextos comeza xa o disparate, a clave que prende a chama do humorismo, dende o desconcertante e estraño título até esa historia da peza operística. O autor presenta aquí o recurso do manuscrito atopado, erixíndose en editor da titiríope de Mestre Choupín, achada no medio dunha revista de calceta. Sorprendentes son tamén as fantásticas e variadas opinións que a “crítica especializada” nos ofrece da obra, outro dos xogos que introduce o autor, e que non fai máis que impulsar ao lectorado a meterse no miolo da composición. Xerador do riso é tamén o *dramatis personae*, onde non se escatiman detalles sobre as principais cualidades dos protagonistas, fundamentais –ao igual que os seus nomes– para contextualizalos con máis precisión e para fomentar o absurdo.

Mestre Choupín, creador de titiríopeas, anda inmerso en pór lle o punto e final á súa última obra, procurando ideas de todos os insectos que se lle van aparecendo, coa única intención de compracer á raíña. E nese agobio creativo, o público e/ou o lectorado irá vendo como a sátira aos sentimentos máis humanos –o orgullo, o amor, o interese, a tenrura, a envexa e a rebelión contra os poderosos– é a verdadeira razón de ser desta titiríopea. Todo co desexo de transmitir que, co ímpeto da ilusión e da resistencia, se pode construír unha fiestra pola que deixar pasar o aire.

A idoneidade do texto para a representación –na que inflúe a precisión das súas didascalias–, o seu conseguido humor –a través das repeticións paródicas ou do xogo idiomático– e a importancia que nela ten a música –unha constante na escrita de Neira Cruz–, converten a *Opunto da escarola* nun pequeno-gran bálsamo para os males que sacoden o teatro infantil. Un lugar dende onde repersarmos o horizonte. ●



Posto do libro infantil na pasada edición da Feira do Libro de Santiago de Compostela